

O PLANETA SALVAXE

René Laloux, 1973

1802

ESTREA EN NUMAX: 04.08.2026 | V.O.S.E. | 73 min

No afastado planeta Ygam viven unhas criaturas xigantescas chamadas "Draags" que domesticaron aos pequenos "Oms", seres humanos que están a ser exterminados. Pero un Om consegue escapar..

«Un deses raros filmes que melloran co tempo, tanto no estético coma no temático»

Diego Curubeto, ÁMBITO



O medo ao descoñecido

Por Rick Trejo

A ciencia ficción é un xénero que pode ser tan interesante como aterrador. As historias que atopamos dentro desta categoría case sempre implican unha versión da nosa realidade, pero cun enfoque futurista que, máis aló de entreterenos, exponnos cuestións que poderían abordarse desde certa perspectiva. *O planeta salvaxe*, particularmente, é unha película que nos presenta unha ciencia ficción cuxa historia pode abrirse a varias interpretacións.

O planeta salvaxe é unha película francesa que se estreou en 1973, baixo a dirección de René Laloux, cuxa trama segue o enfrontamento de dúas sociedades nun mundo onde os humanos, coñecidos como Oms, son pequenos seres que son tratados como mascotas no mellor dos casos, e como praga no peor. Os Oms, despois de ser cruelmente oprimidos e asasinados, enfróntanse á raza dos Draag, unha sociedade extraterrestre superavanzada, de xigantes con forma humanoide e uns característicos ollos vermellos, para quen a vida dos Oms resúltalles insignificante.

Cabe destacar que a cinta está feita nun formato de animación cuxa arte ten unha esencia propia e isto débese, probablemente, a que moitos das paisaxes se inspiraron nas pinturas surrealistas de Dalí. Ademais, a técnica de acuarela coa que foi deseñada a animación, fai que todo sinta máis ben como unha pintura en movemento. Aínda que a premisa xa soa ben de antemán, *O planeta salvaxe* non só aborda o enfrontamento entre os Draags e os Oms, pois hai puntos que toca con moita precisión. O máis evidente é, por suposto, a pouca empatía que se ten con todo aquilo que consideramos inferior á nosa raza. Algo que se podería extrapolar á nosa sociedade.

No entanto, tamén se fai fronte ante o medo que provoca o descoñecemento. O que nos resulta estraño, polo xeral é aterrador e, polo tanto, é rexeitado. Deste xeito, ponse énfase en que compartir o coñecemento é unha ferramenta que nos permite entender e comprender outras formas de vida e que, en contra de toda superstición, é o coñecemento o que erradica o medo.

De igual xeito, n' *O planeta salvaxe*, o coñecemento que van adquirindo os personaxes sobre o mundo e o contexto no que viven, fai que aos poucos se vaian desposuíndo de todo aquilo que os oprime e, posteriormente, iso mesmo réstalle poder a aqueles que os mantén retidos dalgún xeito. Pero non todo é sobre o coñecemento e o poder, pois tamén se expón a idea da paz, sen chegar á violencia. Algo que, a primeira ollada parece doado, a solución máis viable na que todos saen beneficiados. Pero esta decisión recae principalmente nos líderes, que terán que escoller entre manter un acordo de mutuo beneficio ou continuar a batalla.

O planeta salvaxe é unha película impresionante. Non é só unha película que manexou á perfección o xénero da ciencia ficción, senón que tamén superou os límites desta para tocar, de xeito metafórico, temas que son profundos e importantes. E son temas que van desde o espiritual, ata o filosófico e social.

Publicado en tribunadequeretaro.com